

CONSTRUÍNDO A PERSPECTIVA DUN INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN EDUCATIVA PARA GALICIA

BUILDING A PERSPECTIVE MODEL FOR AN EDUCATIONAL RESEARCH INSTITUTE IN GALICIA

Miguel Anxo Santos Rego

Universidade de Santiago de Compostela

miguellangel.santos@usc.es

RESUMO

Neste artigo trazamos a perspectiva de construción dun Instituto de Investigación Educativa en e para Galicia, tendo en conta, non só pero tamén, a evolución e actual situación do Instituto de Ciencias da Educación (ICE) da Universidade de Santiago de Compostela. Trátase dun proxecto inclusivo, que ben se podería artellar entre as tres universidades do país. O obxectivo non sería outro que ofrecer un axeitado soporte ás políticas centradas na mellora da calidade de procesos e resultados educativos, incentivando sinerxias colaborativas arredor de ideas e programas. Rematamos dando conta das vantaxes que tería para a Comunidade Autónoma a existencia dun Instituto co enfoque e as características apuntadas. **Palabras Chave:** investigación educativa, universidade, calidade, política educativa, procesos educativos.

ABSTRACT

This article outlines the perspective of building an Educational Research Institute within and to benefit the Autonomous Community of Galicia (Spain), taking into account not only, but also the evolution and current situation of the Institute of Educational Sciences (ICE) at the University of Santiago de Compostela. It is an inclusive project which could be coordinated between the three Galician universities. The objective is to provide adequate support to the policies focused on improving the quality of educational processes and results, stimulating collaborative synergies in terms of ideas and programs. The conclusions of the study point out the possible benefits for the existence of an Institute with the aforementioned approach and characteristics for the Autonomous Region.

Keywords: educational research, university, quality, educational policy, educational processes.

INTRODUCCIÓN

A historia do Instituto de Ciencias da Educación (ICE) da Universidade de Santiago de Compostela, o único destas características na Comunidade Autónoma de Galicia, podería enfocarse como narrativa se non fose porque, xustamente, unha narrativa precisa dunha trama na que basear e á que remitir o relato ou, mellor, os relatos que, sucesiva e funcionalmente, dean conta daquela nos seus

termos discursivamente comprensivos. A propósito do caso invocado, para o que se solicita opinión, nove anos despois de deixar a dirección, é fácil colixir que aludo, metafóricamente, á sistemática falta de encaixe do noso ICE (como todos os demais en medida equiparable) na estrutura da universidade española, máis envorcada ao control administrativo dos tímidos cambios efectuados durante o último século que á promoción de auténticas vías de renovación educativa nos seus centros e departamentos.

Curiosamente, os ICEs nacen nos estertores dun réxime político de triste memoria, sobre o que, a finais dos anos sesenta do pasado século, precipítanse as presións, desde o exterior e desde o interior, a fin de ir situando ao país nas vías dunha modernidade que, aínda que tardía, xa non era postergable, por razóns económicas á par que outras estritamente políticas. Tal esixencia requiría un sistema educativo que apuntase a un futuro de gradual homologación de credenciais formativas para a poboación máis nova e a súa inserción nun mercado de traballo que avanzaba en competitividade.

Nese contexto promúlgase a Lei 14/1970, do 4 de agosto, Xeral de Educación e Financiamento da Reforma Educativa (LXE), que sanciona a previa creación dos ICEs e adscríbeos ás universidades (Decreto 1678/1969, do 24 de xullo; BOE do 15 de agosto). Entre os primeiros ICEs estaba tamén o da Universidade Compostelá, con funcións e responsabilidades parellas, a saber, a formación do profesorado non universitario e a investigación e innovación educativas. Logo habería outras (avaliación do sistema, asesoría de organizacións, formación de profesores universitarios, programas de doutoramento,...) ao socairo das conxunturas e, por suposto, de vigorosos impulsos diferencialmente selados no mapa español, que foron labrando máis –aínda que non sempre mellor– imaxe de marca.

A continuación cinguiremos a nosa análise á investigación, pero antes permítasenos a licenza de sinalar que tampouco a formación inicial do profesorado de secundaria o tivo fácil, senón todo o contrario, xa que, como moi ben advertían, fai a friorenta de corenta anos, Escudero Escorza e Fernández Uría (1975), os plans de estudo universitarios, orientados cara á disciplina, son certamente obstáculos de gran magnitude.

Desde logo, a axenda investigadora realizada nos ICEs ao amparo do que establecía o artigo 73 da LXE foi destacable, polo menos mentres permaneceron vixentes os plans nacionais de investigación coordinados, primeiro polo Centro Nacional de Investigacións para o Desenvolvemento da Educación (CENIDE) (BOE do 10 de decembro de 1969) e logo polo Instituto Nacional de Ciencias da Educación (INCIE), creado polo Decreto 750/1974, do 4 de marzo, desde o que se deseñaron e executaron convocatorias públicas de Proxectos, con financiamento estatal, de substancial contía ao comezo e sensiblemente máis parca a medida que se foron sucedendo os distintos plans nos anos setenta e parte dos oitenta (cfr. Escudero Escorza e Fernández Uría, 1976).

AUXE E CAÍDA DA INVESTIGACIÓN NOS ICEs

Con todas as dificultades para o seu normal funcionamento (afectando, basicamente, ao seu persoal) e os erros nos que se incorreron, sería inxusto non recoñecer que por entón había nos ICEs un inequívoco afán de investigación en temas de cardinal interese para o desenvolvemento do sis-

tema (rendemento escolar, bilingüismo, organización de centros, orientación educativa, educación especial,...).

É salientable a capacidade de iniciativa da que se deu mostra en determinadas instancias á hora de deseñar e acordar proxectos, algúns con moi positivas avaliacións externas, abundando os que tiñan un sinal interdisciplinario e, por descontado, unha dirección acreditada e solvente, non só polo aval de doutorados en ciencias da educación, ou noutras, senón polas excelentes traxectorias de quen os encabezaban, xa fose na universidade ou noutros niveis de ensino. O feito de que non poucos proxectos contasen no equipo con Inspectores de Educación constituíu unha variable digna de atención, dada a súa proximidade aos centros e as facilidades que se abrían ao deseñar estudos empíricos e a correspondente previsión de análise documental, realización de entrevistas e, desde logo, recollida de datos a través de cuestionarios e escalas.

Pode dicirse que o enfraquecemento do labor investigador dos ICEs iniciábase unha vez que a administración central deixa de apoiar aos citados plans de investigación coordinados polo INCIE (organismo autónomo que se declara extinguido mediante o Real Decreto 2183/1980) (ver Camacho Pérez, 1986). Na perspectiva de quen escribe non foi outro o punto de inflexión nun percorrido que xa se lastrou pola irredenta carencia de recursos humanos propios na maioría dos Institutos, de modo e maneira que a investigación pasou a ser, na práctica, actividade máis circunstancial que nuclear no discorrer destes organismos, independentemente da letra dos seus estatutos e/ou regulamentos.

De facto, na maioría dos casos, a máis diso o seu rol na formación permanente do profesorado (poucos son os docentes dese tempo que non conten no seu rexistro con diploma derivado dalgún curso do ICE), o seu labor reduciuse a organizar e xestionar a realización anual do “Curso de Aptitude Pedagóxica” (CAP), cuxos reiterados, e incumpridos, anuncios de reforma non facían máis que confirmar unha frustrante inercia, ata desembocar —despois de múltiples peripecias legais— na aprobación do Máster de Formación do Profesorado de Secundaria e Formación Profesional no curso 2008-09, baixando o pano a toda unha época de protagonismo institucional (cfr. Llorent Bedmar, 2012), para ceder a testemuña ás Facultades de Ciencias da Educación que, con distintas denominacións, son as encargadas, aquí e agora, da formación pedagóxica inicial dos futuros profesores de educación secundaria (como é sabido, da formación permanente ocúpense os centros de profesores, de responsabilidade autonómica).

Ao longo dos anos oitenta do século fenecido, despois da vitoria electoral do Partido Socialista (1982), a perda de influencia por parte dos ICEs foi unha realidade, debido en boa parte á redución de competencias cando empezaron a desenvolverse os Estatutos de Autonomía nas distintas Comunidades do territorio español, e tamén coa promulgación e aplicación da Lei de Reforma Universitaria (LRU) en 1983 (ver Camacho Pérez, 1986; García Suárez, 1988; García Gómez, 1998).

LRU: A OPORTUNIDADE PERDIDA

Creo recoller o sentir de moitas persoas comprometidas e ilusionadas coa mellora da educación naqueles anos se digo que a LRU constituíu a gran oportunidade e acabou sendo o eixo dunha máisculada frustración no devir dos ICEs. Coa Lei (artigo 101) impulsouse un proceso de

autorregulación das universidades, que implicaba decisións de organización e funcionamento. Nese marco creábase unha tipoloxía de centro de pristina semántica, ou sexa, “instituto universitario”. Sendo así, calquera vería unha pista, libre de obstáculos, para proceder á súa consideración como institutos universitarios, acordes coa norma legal. Inxenua apreciación.

Non foi así porque non se lles incluíu no texto de lei, nin ninguén con peso político defendeu a súa inclusión, con carácter propio e específico. Quedaban, pois, á intemperie da boa vontade de cada universidade (Blanco Lorente, 2009). E esa vontade non foi, na maioría dos casos, a de homologar a existencia dos institutos de ciencias da educación á dos restantes institutos, vinculados e asociados aos diversos ámbitos do coñecemento científico. O resultado non podía ser outro que o dunha variada heteroxeneidade en canto ás funcións e competencias, amparadas en letra impresa de alcance estatutario, pero sen maior valor ou recoñecemento efectivo.

Visto en panorámica histórica, foi por entón cando se iniciaba unha etapa na vida dos ICEs que habería de ser xa moi distinta das anteriores. Afianzouse, dunha parte, a súa presenza na educación superior, chegándose mesmo a crear novos institutos en distintas demarcacións do Estado, pero sen os pasos que demandaba a súa conversión en auténticos institutos universitarios de investigación (rémora que, lamentablemente, foi unha constante no tempo).

Lonxe de aproveitar a ocasión para unha reestruturación a fondo dos ICEs e polos ao servizo da misión educativa das universidades, os Reitores, salvo excepcións, descoñecedores e —o que é peor— desinteresados do que podería achegar o ICE, auspiciaron o nomeamento de non poucos cargos directivos no seo destes Institutos, sen máis criterio que o de acomodar solicitudes desde grupos de presión afíns ao equipo de goberno, pero sen programa definido, nin ideas para iniciativas de alcance científico, dentro e fóra dos campus.

Con iso non afirmamos, en absoluto, que esa fose a tónica de todos os ICEs do país e, menos aínda, que o denominador común das directoras ou dos directores fose a desidia ou a incompetencia manifestas. Naturalmente que tamén as houbo, para elocuente desprestixio do ICE e a súa inevitable asociación coa pedagogía e os pedagogos.

ICEs CON PEGADA E BOA XESTIÓN

Non é do caso facer unha lista exhaustiva, pero si houbo ICEs en España (algúns non desapareceron ata a data) que deixaron unha magnífica pegada de investigación e innovación educativas, ben visible entre finais dos 80 e mediados da primeira década do novo século, mercé á capacidade e ao esforzo despregado por académicos de distintas áreas de ciencias da educación e en organismos que tiveron a fortuna de contar con liderados de nivel, tanto nos mesmos ICEs como nos equipos de goberno da institución.

Isto que dicimos nótase, a pouco que repasemos as traxectorias de certos institutos (Universidade de Barcelona, Universidade Autónoma de Barcelona, Universidades Politécnicas de Valencia e de Madrid, Universidade Autónoma de Madrid, Universidade de Zaragoza,... e Universidade de Santiago de Compostela), privilexiando os indicadores relacionados con proxectos de investigación

de iniciativa propia ou vinculados a convocatorias oficiais, creación e dinamización de seminarios de formación permanente en ámbitos académicos específicos, activación de laboratorios de tecnoloxía educativa, premios á innovación, impulso de convenios e contratos con administracións e organizacións da sociedade civil, ou posta en marcha de revistas de investigación, ademais da vertebración editorial (libros, monografías, cadernos didácticos,...) que, igualmente, axudou a propiciar unha marca diferencial recoñecible no mapa das publicacións educativas desde a universidade.

Unha clave explicativa de tales singularidades hai que buscala na cuidadosa xestión económica levada a cabo nalgúns ICEs, mercé ao rendible emprego de fondos provenientes dos ingresos por matrícula do Curso de Aptitude Pedagóxica, naturalmente alí onde se puido contar coa anuencia e comprensión da Vicerreitoría de Economía, pois do que se trataba era de que ese diñeiro puidese favorecer unha imaxe do ICE máis dinámica e comprometida coas necesidades educativas do país.

Posto que a prudencia non é inimiga da claridade, quero dicir, a este respecto, que na etapa que tiveron a honra de exercer a dirección do ICE-USC (1998-2006), a marxe de acción e a confianza depositada no equipo de persoas que alí coincidimos serviu de moito, pois non en balde puidemos propor obxectivos e mesmo facer un plan estratéxico para unha década, que resultou gratificante no plano persoal e intúo que notablemente produtivo para o instituto e a súa reputación.

As memorias realizadas ao final de cada cuadrienio (2002, 2006) resumen un labor colectivo do que me sinto enormemente orgulloso: convocatorias de axudas para proxectos de investigación no ICE dirixidos a toda a comunidade universitaria, independentemente da área á que puideran pertencer os seus IP, creación na USC dos premios á innovación educativa, impulso ao seminario de educación ambiental, patrocinio de cursos de verán, apoio material a experiencias educativas innovadoras na universidade, acordo co Consello Escolar de Galicia para a realización de estudos sobre o estado do sistema educativo na Comunidade Autónoma, Informe sobre a Investigación Educativa en Galicia (1989-2001), deseño de nova web para mellorar a política de comunicación, ou potenciación da liña editorial, engadindo novas coleccións de libros e monografías, sempre en colaboración co servizo de publicacións e intercambio científico da USC.

Tal vez o feito de que o Máster de Formación do Profesorado de Secundaria non permaneceu no ICE (opción perfectamente posible, e ata vantaxosa, desde unha óptica de organización, e de coordinación coa Facultade de Ciencias da Educación) contribuíse á actualidade debilidadade estrutural do Instituto no contexto da nosa centenaria universidade, sen que ninguén saiba do seu proxecto e do seu programa de acción, como corresponde a unha axencia que recibe fondos públicos. E, con todo, segue sendo un organismo necesario a pouco que pensemos en como axudar a reconstruír o proxecto universitario para unha verdadeira formación do profesorado (cfr. Santos Rego e Lorenzo Moledo, 2015).

RUMBO A UN INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN EDUCATIVA PARA GALICIA

É, pois, momento de facer balance crítico e, entre todos, facer o que estea nas nosas mans (cunha Reitoría que cohesione e aglutine) para que o ICE non desapareza, senón que se transforme nunha institución de novo cuño, ao servizo da Comunidade Autónoma e aos superiores intereses

da educación en Galicia. Unha cuestión que só pide liderado e decisión, maiormente na Xunta de Galicia, que é onde reside a competencia e a influencia persuasiva en pos dun labor ao que só cabe atribuír beneficios, se imperase o desexo de que as políticas educativas non se sigan facendo á marxe do coñecemento educativo e con olímpico desaproveitamento dos considerables recursos investigadores que traballan nas universidades e noutros organismos.

A meta non debería ofrecer mácula de dúbida. Agradecer conxunturais implicacións en postos asociados a unha tradición orgánica herdada, rutineiramente ineficaz, sen rumbo nin proxecto coñecidos, e dar paso a algo novo que, sen metáforas por medio, se exprese en ideas prealiñadas cunha ilusionante proposta de refundación do ICE, aínda en e desde a USC, pero xa nunha perspectiva de converxencia con persoas, grupos e organismos dispostos á elevada e solidaria tarefa de re-crear un Instituto Galego de Investigación Educativa (IGIE).

Esa e non outra tería que ser a dirección a tomar, para unha viaxe, nin longa nin custosa, cara a unha estación de termo, legalmente vinculada a un Instituto Interuniversitario, tutelado polo goberno da Comunidade Autónoma e xestionado por un Consello no que, necesariamente, haberían de estar investigadores de recoñecida experiencia e prestixio, con vínculo ou non ás universidades galegas. Trataríase de garantir a presenza no Consello de profesionais destacados, capaces de recoñecer e orientar liñas de abordaxe para a continua mellora da calidade no sistema, á vez que marcar vías de conexión investigadora coas posibilidades formativas da educación non formal nun contexto global ou, se se prefire, transnacional.

Mediante un convenio da Xunta de Galicia (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria) coas tres universidades do país e a recomendable comunicación ao Consello Escolar de Galicia, non sería difícil sentar as bases do Instituto, propondo un comité de non máis de sete expertos (e un asesor internacional), de xeito que nun prazo non superior a un ano elaborasen un ditame de creación e desenvolvemento estatutario do novo organismo, que habería de ser aprobado polo mesmo Consello da Xunta, unha vez lograda a anuencia e un certo compromiso desde as universidades.

A idea non ten nada de utópica, aínda que desbasta recoñecer que, por estes pagos, é costume (des)cualificar de tal guisa calquera proposta que altere o *status quo* sen reparar na súa valía e utilidade estratéxica a medio prazo, incluso vivindo nunha época global na que todo o relacionado coa calidade educativa e os resultados académicos dos nosos nenos e mozos (repárese no impacto que teñen nos despachos oficiais os grandes informes internacionais que, ademais, agora comanda a mesma OCDE) repercuten velozmente na imaxe de marca dun país no mundo.

EN CONCLUSIÓN ...

Xerar coñecemento educativo de alto nivel desde Galicia é perfectamente posible porque, de feito, xa se está facendo. E pódese optimizar sen grandes custos complementarios ao que xa supoñen os bos recursos humanos con que contamos en universidades e tamén nos centros de ensino non universitario, que xa o fan, pero non coa forza e o alcance que podería darse incentivando sinerxías colaborativas ao redor de programas de investigación aplicada. Cos obxectivos prístinos e os

controis expeditivos, aos efectos dunha escrupulosa rendición de contas, ou á vista de contrastados sistemas de *accountability*.

Se como afirman os pragmatistas, a suxestión devén idea cando se examina en referencia á súa aptitude funcional, á súa capacidade en tanto que medio para resolver a situación dada, entón non estaría de máis asumila como parte dunha teoría lóxica, racionalmente operativa, pensando en colocar o que é común por encima do privativo, o cal significa, en relación ao tema exposto, que o sentido de posibilidade que para Galicia tería un instituto de investigación como o esbozado supera con fartura o peso de calquera incógnita, ou aínda as lexítimas dúbidas procedimentais. Desde logo, quen subscribe non teme tanto á dúbida (nin aos que dubidan ao grande, que sempre axudan a prever obstáculos e a construír pontes) como aos pusilánimes que afogan a esperanza do progreso.

Aínda podemos reunir vontades para unha acción concertada. Xa non só é cuestión de elevar voces, senón de incidir sobre unha realidade sociocultural desde o convencemento de que os cambios hai que promovelos con visión e responsabilidade. A inercia ante os feitos é un fatídico presaxio se os feitos non anuncian xeneratividade algunha no devir dunha axenda, que é o que se pon de manifesto cando a gueira se alía coa parálise.

REFERENCIAS

- Blanco Lorente, F. (2009). Los ICE: cuarenta años de contribución a la formación y el perfeccionamiento del profesorado (1969-2009). *Iber. Didáctica de las Ciencias Sociales, Geografía e Historia*, 61, 10-23.
- Camacho Pérez, S. (1986). Una etapa crítica en la vida de los ICEs (1979-80). *Revista Española de Pedagogía*, 171, 117-129.
- Escudero Escorza, T., y Fernández Uría, E. (1975). La formación inicial del profesorado en los Institutos de Ciencias de la Educación. *Revista de Educación*, 241, 119-129.
- Escudero Escorza, T., y Fernández Uría, E. (1976). La investigación en los Institutos de Ciencias de la Educación. *Revista Española de Pedagogía*, 133, 339-352.
- García Gómez, S. (1998). Dos hitos en la historia reciente de la formación permanente del profesorado en España: la creación de los Institutos de Ciencias de la Educación y la configuración de los Movimientos de Renovación Pedagógica. *Revista de Educación*, 317, 145-156.
- García Suárez, J. A. (1988). *La formación del profesorado ante la reforma de la enseñanza. Plan de formación*. Barcelona: P.P.U.
- Llorent Bedmar, V. (2012) The institutes of education sciences, ICEs, and teacher training: a path of reform. *Procedia-Social and Behavioral Sciences*, 46, 3112-3118.
- Santos Rego, M. A., y Lorenzo Moledo, M. (2015). La formación del profesorado de educación secundaria: pensando en la reconstrucción del proyecto universitario. *Revista Española de Pedagogía*, 261, 263-281.